

Campaña VIGO Planeta

A **Campaña VIGO Planeta** forma parte das accións municipais de concienciación ambiental impulsadas polo servizo de Medio Ambiente do Concello de Vigo, co obxectivo de fomentar o respecto polo medio natural, o benestar animal e os hábitos saudables desde a infancia.

Esta iniciativa acompaña a transformación do antigo zoo no actual **VigoNature**, un espazo de divulgación ambiental que aposta pola educación, a aprendizaxe lúdica e a conexión coa natureza, deixando atrás o modelo tradicional de zoológico.

Literatura e educación ambiental

No marco da campaña publicáronse dous materiais educativos que serven de apoio ás actividades de VigoNature e aos programas municipais de medio ambiente:

- **Misión para unha formiga:** conto ilustrado dirixido ao público infantil que, a través da historia da jirafa Safa e doutros animais, transmite valores como a empatía, a liberdade e o respecto polos seres vivos. O relato conecta simbólicamente coa reconversión de VigoZoo en VigoNature.
- **Caderno de actividades VIGO Planeta:** publicación complementaria que inclúe xogos e propostas didácticas sobre reciclaxe, redución do ruído, coidado dos mares, observación do ceo, música da natureza e pequenos xestos ecolóxicos.



As creadoras dos libros son a escritora **Soledad García** e a ilustradora **Ángela Costas**, que xa demostraron o seu compromiso co benestar animal a través da campaña **Adóptame en Vigo** baseada no libro *URCO* unha historia reciclada, unha obra que fomenta a adopción responsable de animais nos centros educativos da cidade, coa cesión dos dereitos da escritora para ambas as iniciativas.

Destinatarios

A campaña está dirixida a nenas e nenos de 4 a 12 anos, ás súas familias e á comunidade educativa, e pode desenvolverse tanto en visitas a VigoNature como en centros educativos, bibliotecas e actividades municipais.

Con **VIGO Planeta**, Vigo reforza o seu compromiso cun modelo de cidade sostible, innovadora e comprometida coa educación ambiental das novas xeracións.

[Adóptame en Vigo](#)